

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL XORNADAS DE FOLCLORE 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense para a realización do Festival Xornadas de Folclore 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, porque se trata dun festival único, tanto en duración (10 días), como en grupos participantes (6), como en espectáculos realizados, e consolidado, xa que se vén realizando dendo o ano 1984, con capacidade de percorrer 16 concellos, completando a totalidade das 12 comarcas que oficialmente conforman a provincia de Ourense . A Deputación de Ourense é o único organismo con capacidade para organizar este tipo de eventos na Provincia de Ourense, e é o único de Galicia comprometido na súa realización, cumprindo así cunha das súas máis destacadas funcións, como é dar servizo aos concellos que a conforman.

Por todo o anterior, a Deputación é a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

